



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Socioloxía	Código	653G01202	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Golías Pérez, Montserrat	Correo electrónico	montserrat.golias@udc.es	
Profesorado	Golías Pérez, Montserrat	Correo electrónico	montserrat.golias@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos relacionados coa Socioloxía como fundamento da Terapia Ocupacional.</p> <p>O programa que se presenta pretende proporcionar as ferramentas conceptuais e os coñecementos básicos para a análise das sociedades actuais desde a perspectiva da Socioloxía.</p> <p>O temario inclúe as nocións habituais no modo de pensar sociolóxico, que permiten analizar os diferentes ámbitos do comportamento social humano. Así como tamén o funcionamento das institucións e organizacións sociais.</p> <p>O temario permite cubrir os seguintes obxectivos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1- Asegurar que os conceptos, enfoques e métodos fundamentais da Socioloxía posúense de forma clara e diferenciada. 2- Presentar as elaboracións clásicas (máis aceptadas) sobre os principais problemas sociolóxicos e seguilas ata os seus desenvolvementos máis recentes. 3- Mostrar as relacións entre o funcionamento diario da sociedade, as súas formas de organización e as partes estruturais do sistema social. 4- Introducir aos alumnos no manexo das técnicas básicas de investigación social. 			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecementos e capacidade para aplicar a Socioloxía dentro do contexto da Terapia Ocupacional, para aplicar a lexislación vixente dentro do contexto da Terapia Ocupacional e para utilizar os recursos sociosanitarios e económicos eficientemente.	A2 A6 A34	B4 B13 B26 B28	
Capacidade para aplicar o método científico para constatar a efectividade dos métodos de intervención, avaliar os métodos de traballo apropiados e divulgar os resultados.	A30	B3 B8 B19 B29	C1



Capacidade para traballar dunha maneira holística, tolerante, sen enxuciamientos, coidadosa e sensible, asegurando que os dereitos, crenzas e desexos dos diferentes individuos ou grupos non se vexan comprometidos.	A6 A7 A19	B31	C4 C6 C7 C8
-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------	-----	----------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A SOCIOLOXÍA COMO CIENCIA SOCIAL	1.1.- Por que é necesario estudar humanidades e ciencias sociais? 1.2.- O carácter científico da socioloxía e o seu obxecto de estudo 1.3.- O xurdimento da socioloxía como ciencia 1.4.- As orixes da teoría sociolóxica: Comte e Saint-Simon 1.5.- Tres grandes correntes que explican a sociedade: Durkheim, Marx e Weber
Tema 2. FERRAMENTAS METODOLÓXICAS NO ESTUDO DA SOCIOLOXÍA. O COÑECEMENTO DO MEDIO SOCIAL	2.1.- A metodoloxía cuantitativa e cualitativa nas Ciencias Sociais 2.2.- As fontes secundarias de información estatística e a enquisa. 2.3.- A observación participante 2.4.- A entrevista en profundidade 2.5.- O grupo de discusión 2.6.- As etapas da investigación social
Tema 3. A SOCIALIZACIÓN	3.1.- Cultura, sociedade e personalidade 3.2.- O proceso de socialización 3.3.- Os axentes de socialización
Tema 4. ESTRATIFICACIÓN SOCIAL, CLASES SOCIAIS E EXCLUSIÓN SOCIAL	4.1.- Estratificación social 4.2.- Clases sociais 4.3.- Exclusión social e pobreza
Tema 5. AS DESIGUALDADES SOCIAIS, O ESTADO DE BENESTAR E AS RESPOSTAS DAS POLÍTICAS PÚBLICAS	5.1.- As desigualdades sociais 5.2.- O estado do benestar
Tema 6. A GLOBALIZACIÓN. INMIGRACIÓN E DIVERSIDADE CULTURAL	6.1.- A globalización 6.2.- A inmigración e os modelos de integración social
Tema 7. A CONSTRUCCIÓN SOCIAL DO XÉNERO: NON NACÍN MULLER, FÍXENME	7.1.- A construción social das diferenzas sexuais 7.2.- A división sexual do traballo 7.3.- Espazo privado/público

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A19 A30 A34 B19 B31 C1 C4 C6 C7 C8	24	30	54
Lecturas	A2 A19 B19 B31 C1	0	27	27
Traballos tutelados	A6 A7 A19 A30 A34 B3 B4 B8 B13 B19 B26 B28 B29 C1 C4 C6 C7 C8	24	40	64
Proba obxectiva	A2 B19 C1 C4	2	0	2
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Motivarase e valorarase a participación dos alumnos, mediante preguntas ou/e debates.
Lecturas	Bibliografía básica recomendada. Lecturas específicas de cada tema recomendadas en clase (algunhas, obrigatorias).
Traballos tutelados	Ó longo do curso realizaranse prácticas de diverso tipo (individuais e grupais). Tamén haberá un traballo final de carácter grupal con unha presentación oral na clase.
Proba obxectiva	Exame correspondente ás convocatorias oficiais sobre a totalidade do temario.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Lecturas	A atención personalizada será de carácter individual (ou grupal) para solucionar dúbidas e/ou problemas que xurdan durante as clases, a realización das prácticas ou a elaboración do traballo grupal. Aqueles alumnos que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial (os que non se acollan á avaliación continua presencial), deberán porse en contacto coa profesora. A súa avaliación basearase nun traballo individual sobre un libro (30% da nota), un traballo práctico individual (30% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (40% da nota). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados como o examen.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A2 B19 C1 C4	Exame correspondente ás convocatorias oficiais coa totalidade do temario.	40
Traballos tutelados	A6 A7 A19 A30 A34 B3 B4 B8 B13 B19 B26 B28 B29 C1 C4 C6 C7 C8	Prácticas, actividades, asistencia e participación ó longo do curso (40% da nota). Traballo grupal de carácter práctico relacionado coa materia da asignatura que será exposto oralmente na clase (20% da nota).	60

Observacións avaliación



Todas as actividades, tarefas e traballos a realizar ao longo do cuadrimestre van contabilizarse para a nota final. O conxunto de prácticas, tarefas grupales, asistencia e participación suporán o 60% da cualificación, o exame final o 40%. Desta forma valórase e compénsase todo o traballo realizado. As prácticas que se realizarán ao longo do cuadrimestre terán un contido variado. O exame final terá lugar nas datas oficiais marcadas pola UDC. Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto a parte práctica (traballos e práctica) como o exame. Aqueles alumnos que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial (os que non se acollan á avaliación continua presencial), deberán porse en contacto coa profesora. A súa avaliación basearase nun traballo individual sobre un libro (30% da nota), un traballo práctico individual (30% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (40% da nota). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados como o exame. Gardaranse as notas prácticas e dos traballos para a segunda convocatoria.

Fontes de información

Bibliografía básica	Giddens, A. (2002). Sociología. Madrid: Alianza. Macionis, J.J. (2011). Sociología. Madrid: Pearson.
Bibliografía complementaria	Abercrombie, N. (1984). Diccionario de Sociología. Madrid: Ed. Cátedra. Amin, S. (1974). El desarrollo desigual. Barcelona: Fotanella. Ayala, F. (1994). Introducción a las Ciencias Sociales. Madrid: Ed. Cátedra. Beltrán, M. (1991). La realidad social. Madrid: Ed. Tecnos. Berger, P. (1971). Iniciación a la Sociología: una perspectiva humanística. México: Ed. Limusa. Bottomore, T.B. (1989). Introducción a la Sociología. Barcelona: Península. Burke, P. (1987). Sociología e historia. Madrid: Alianza Ed. Giner, S., Lamo de Espinosa, E. y Torres, C. (2006). Diccionario de Sociología. Madrid: Alianza Editorial. Goldthorpe, J. E. (1982). Introducción a la sociología. Madrid: Alianza. Izquierdo, A. (1989). Fundamentos de Sociología. Madrid: Playor. Kerbo, H. R. (2003). Estratificación social y desigualdad. Madrid: McGrawHill. Pérez Díaz, V. (1980). Introducción a la Sociología: concepto y método de la ciencia social en su historia. Madrid: Alianza. Rocher, G. (1996). Introducción a la Sociología general. Barcelona: Herder. Touraine, A. (1978). Introducción a la sociología. Barcelona: Ed. Ariel.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías